

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO MÓDULO “Actividades físico-deportivas de Implementos” MOTIVADA POLA SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS POLO COVID19:

1. UNIDADES DIDÁCTICAS DO TERCEIRO TRIMESTRE (De avance):

Os contidos e tarefas que se proporán ao alumnado adaptaranse á fórmula de educación non presencial a través de medios telemáticos.

Prescindiremos por tanto de todos os elementos prácticos que forman parte esencial deste módulo, pero tentaremos que o que se refire ao deseño e coñecemento de contidos a impartir en posibles sesións no seu desempeño profesional si que poidamos facer tarefas para que as súas competencias non se vexan minoradas.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Utilizaranse traballos en grupo sobre contidos que logo exporán ao resto de compañeiros a través de videoconferencia. Utilizaremos os cuestionarios, supostos prácticos, as presentacións, e as participacións a través de foros sobre contidos para poder avanzar na materia de maneira non presencial.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A modificación dos criterios de cualificación motivada pola suspensión das clases polo COVID 19 fai que estes criterios queden da seguinte maneira para calcular a nota final do módulo:

- a. A nota final será calculada pola mesma fórmula que estaba prevista inicialmente, pero tendo en conta todos os elementos avaliados durante a etapa presencial, é dicir os da 1ª e 2ª avaliacións.
- b. Todos os contidos, probas e traballos propostos durante o período non presencial (3ª avaliación) serán tidos en conta como se estiveran dentro do apartado E dos criterios establecidos. Cunha modificación, que sumará un máximo de 1,5 puntos á nota final calculada con todas as notas da 1ª e 2ª avaliacións).
- c. A fórmula polo tanto será a mesma, pero o apartado E, sumará un máximo de 1,5 puntos.
- d. As tarefas avaliadas durante o período non presencial terán unha nota cada unha sobre 10, que posteriormente se sumarán para facer unha media aritmética e multiplícala por 0.15 (E = media aritmética das notas da 3ª avaliación * 0.15)

Fórmula NOTA FINAL (queda igual que estaba) = $A*0.35+B*0.35+C*0.2+D*0.1+E$

O alumnado con perda da avaliación continua deberá presentarse ao exame extraordinario nas condicións establecidas na Programación, e nas datas que fixe a Administración.

Profesor: Anxo Gómez García